

Escolle a resposta correcta:

➤ **Pregunta 1: Qué dous tipos de enerxía atopamos?**

a) Renovables e as da terra

b) Renovables e non renovables

➤ **Pregunta 2: O sol é unha enerxía ...**

a) Renewable

b) Non renovable



➤ **Pregunta 3: A enerxía eólica procede de ...**

a) O vento

b) A auga

c) O sol

➤ **Pregunta 4: Como se chama a enerxía que posúe a calor interna da terra?**

a) Biomasa

b) Xeoterra

c) Xeotérmica

➤ **Pregunta 5: Que fonte de enerxía se utiliza para poder tener calefacción de gasoil nas casas?**

a) Combustible fósil

b) Biomasa

c) Eléctrica

➤ **Pregunta 6:** Que fonte de enerxía emprega un barco de vela?

- a) Solar
- b) Eólica
- c) Térmica

➤ **Pregunta 7:** Que fontes de enerxía son coñecidas como “Enerxías verdes”?

- a) As renovables
- b) As non renovables
- c) Ningunha



➤ **Pregunta 8:** Que fontes de enerxía non xeran residuos de difícil eliminación?

- a) auga, petróleo e vento
- b) auga, sol e gas natural
- c) auga, sol, vento, biomasa

➤ **Pregunta 9:** Cal é a definición correcta de “Fontes de enerxía” ?

a) diferentes elementos da natureza a partir dos cales o ser humano obtén enerxía.

b) diferentes elementos da natureza e doutros medios a partir dos cales o ser humano obtén enerxía

➤ **Pregunta 10:** Ningunha fonte de enerxía produce emisións de CO₂

- a) Verdadeiro
- b) Falso: só as renovables
- c) Falso: só as non renovables



Propiedades da enerxía

A enerxía ten algunhas propiedades que nos resultan moi útiles. Algunhas delas son:



As pilas e as baterías recargables almacenan enerxía.

A enerxía **transfórmase**, é dicir, pode cambiar dun tipo a outro.

A enerxía **transfírese**, é dicir, pode pasar duns obxectos a outros.



Unha raqueta en movemento posúe enerxía mecánica, que transfírese á pelota.



O combustible, e, polo tanto, a súa enerxía química, transpórtase mediante camións.

A enerxía **almacénase**, é dicir, pódese gardar para usala máis adiante.



A enerxía química do combustible transfórmase en enerxía mecánica nun coche.

A enerxía **transpórtase**, é dicir, pódese trasladar duns lugares a outros.

1 **EXPLICA** no caderno que transformacións de enerxía se producen nos seguintes casos:

